

# Limiar

Ramón Mariño Paz

No mes de setembro do ano 2008 publicouse o libro titulado *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)* (Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega), que era o resultado dun traballo colectivo iniciado anos atrás co obxectivo de reunir a produción escrita en lingua galega durante as primeiras décadas do século XIX que se deu conservado ata hoxe e que á altura de 2008 se coñecía. Desde os inicios da dita investigación pensouse que o volume en que se recollesen todos estes textos rexistrados e editados debería acompañarse doutro máis en que se analizase aquela actividade xornalística e literaria desde os campos científicos da historia, das ciencias da comunicación e da filoloxía. Queríase, deste xeito, ofrecer á sociedade galega un produto nacido da colaboración interdisciplinaria que presentase datos e conclusións de interese a propósito da historia política, social, cultural, literaria, xornalística e lingüística da Galicia das primeiras décadas do século XIX.

O simposio *Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea* (Santiago de Compostela, 3-11 de novembro de 2009) serviu para presentar publicamente unha boa parte dos traballos que ían conformar o volume de estudos anteriormente mencionado<sup>1</sup>. O intercambio de ideas entre os distintos conferenciantes e entre estes e os asistentes ás xornadas permitiu afinar os xuízos dos relatores e arrequentalos cos coñecementos e as reflexións doutras persoas. Por isto, as contribucións presentadas ao simposio que finalmente se integraron no libro que o lector ten agora nas mans son o resultado do enriquecemento que os textos inicialmente preparados polos distintos investigadores convidados a participar experimentaron grazas ao intercambio de ideas que se produciu durante aquela reunión científica.

---

<sup>1</sup> Quero facer constar aquí o meu agradecemento a Ricardo Pichel Gotérrez e a Rosa Aneiros Díaz polo dilixente traballo que realizaron como membros do comité organizador do dito simposio.

Os temas das conferencias pronunciadas supuxeron unha aproximación aos textos de *Papés d'emprenta condenada* desde catro grandes puntos de vista. En primeiro lugar, contouse coa participación dun destacado investigador do ámbito da historia contemporánea de Galicia (Xosé Ramón Barreiro Fernández), que disertou sobre o final do Antigo Réxime na nosa terra e sobre os debates políticos e ideolóxicos que daquela comezaban a producirse. Desde o eido das ciencias da comunicación, falouse sobre os inicios das prensa vasca (Javier Díaz Noci) e catalá (Jaume Guillamet) na época sometida a análise e, seguidamente, estudouse o caso da primeira prensa galega nas seguintes tres conferencias, pronunciadas por investigadores da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega e da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela: “Da sociedade tradicional á sociedade escrita: prensa, literatura oral e literatura escrita na Galicia dos inicios do século XIX” (Víctor F. Freixanes), “A sociedade galega dos inicios do século XIX como receptora de información” (Xosé Ramón Pousa) e “Caracterización textual dos modelos discursivos. Temáticas” (Rosa Aneiros e Xosé López). Do punto de vista da historia literaria, o profesor Anxo Tarrío avaliou a significación dos primeiros pasos da literatura galega moderna, con particular atención á obra de Nicomedes Pastor Díaz. Finalmente, desde o campo da lingüística estudáronse os trazos máis salientables do galego escrito da época, examinouse a lingua de autores e obras concretos e analizáronse os vocabularios e outras obras lingüísticas menores que se produciron naquela época. Estas contribucións de tema lingüístico correron a cargo de investigadores do Instituto da Lingua Galega: Henrique Monteagudo, Rosario Álvarez, Ernesto Xosé González Seoane, Carme Hermida, Ramón Mariño e Damián Suárez Vázquez.

O libro que agora presento nestas liñas conserva o título do simposio celebrado en 2009 e recolle non só os textos correspondentes a case a totalidade dos relatorios que entón se pronunciaron, senón tamén tres contribucións máis que veñen a ampliar a listaxe das pezas escritas en galego na primeira metade do século XIX que na actualidade coñecemos.

Este libro componse de tres partes. Na primeira delas (“Os primeiros pasos do xornalismo no contexto galego e español dos inicios da Idade Contemporánea”) acollemos cinco artigos que proporcionan información e reflexión sobre o nacemento da prensa en Galicia e no reino de España no contexto político e social do ocaso do Antigo Réxime e o alborear da chamada Idade Contemporánea. No

seu contributo, Xosé Ramón Barreiro investiga na xénese do pensamento liberal e progresista de Galicia entre 1789, o ano da Revolución Francesa, e 1808, o ano en que xunto coa da Guerra da Independencia se inicia tamén o proceso de descomposición do Antigo Réxime no reino de España. Segundo Barreiro, a Galicia do século XVIII respondía por enteiro ao modelo clásico da sociedade tradicional presidida e controlada ferreamente pola alianza entre o Altar e o Trono. Ao contrario ca a Ilustración francesa, a Ilustración española en xeral, e a galega en particular, non puxeron en cuestión o Antigo Réxime e, por conseguinte, non actuaron como motores da mudanza política e social. Neste contexto, nos inicios do século XIX o discurso ideoloxicamente innovador aflorou en certos círculos da Universidade de Santiago de Compostela e na literatura clandestina.

No marco da transición desde o Antigo Réxime ata os novos modelos sociais baseados no capitalismo e no constitucionalismo sitúase o nacemento da prensa periódica en Galicia, unha novidade que chega á nosa terra con algo de atraso respecto do acontecido noutras zonas do reino de España, e nomeadamente na corte. Consonante Jaume Guillamet, a primeira prensa periódica española foi, en efecto, privativa da corte e mesmo parece poderse asegurar que o impulso para a creación dunha prensa local propia de cada unha das principais cidades do reino partiu precisamente de Madrid, onde en 1758 puxo en circulación Francisco Mariano Nipho o seu *Diario noticioso*, a máis antiga publicación diaria da historia do xornalismo español. O seu modelo de xornalismo local orientado cara á divulgación cultural e á prestación de servizos tivo no *Diario de Barcelona*, aparecido en 1792, un dos seus máis conspicuos imitadores. Sobre esta base, o contributo con que Jaume Guillamet participa neste volume ofrece unha panorámica dos inicios da prensa periódica en Cataluña e en España, ao paso que o de Javier Díaz Noci nos informa sobre o protoxornalismo e sobre os primeiros xornais producidos no País Vasco. En ambos os traballos achará o lector información verbo dos primeiros pasos do xornalismo en lingua catalá e en lingua éuscara.

Os dous artigos seguintes analizan a primeira prensa galega e o contexto social en que aparece. Xosé Ramón Pousa, logo de reflexionar sobre o marco político e social da época, conclúe que os galegos equipados coa formación necesaria para leren directamente a prensa nos inicios do século XIX non representarían nunca máis do 8% da poboación, se ben o costume da lectura en voz alta para analfabetos, realizada en lugares tanto públicos coma privados, axudaba notablemente

a aumentar a súa incidencia. Pola súa parte, Rosa Aneiros e Xosé López realizan unha caracterización dos xéneros discursivos cultivados en galego na prensa galega das primeiras décadas do oitocentos, con especial atención ás pezas dialogadas que se escribiron ou publicaron en dúas épocas en que se acababa de restablecer a liberdade de prensa no reino de España: o ano 1820 e o bienio 1836-1837.

O segundo bloque de traballos que ofrecemos neste libro titúlase “Lingua e literatura galegas nos inicios da Idade Contemporánea”. O artigo que o abre, obra de Anxo Tarrío, presenta unha reflexiva panorámica da literatura escrita en galego desde os inicios do século XVII ata mediados do XIX, unha longa invernia na que, segundo o profesor compostelán, prevaleceu a “carencia máis absoluta dos elementos necesarios para configurar o que entendemos por un *sistema literario* ou mesmo do que se dá en chamar unha *literatura nacional*”. Particular atención lle presta Tarrío neste seu contributo ao poeta Nicomedes Pastor Díaz (1811-1863), a quen considera un precoz romántico que, probable lector do *Werther* de Goethe sendo aínda moi mozo, deixou boa mostra de tales inclinacións na súa *Égloga de Belmiro e Benigno*.

Veñen despois cinco contribucións sobre asuntos relacionados co cultivo e o estudo do galego na antesala do Rexurdimento que ata o de agora foron pouco ou nada tratados. As de Rosario Álvarez e Ernesto Xosé González Seoane lanzan a mirada crítica sobre o conxunto dos textos reunidos nos *Papés d'emprenta condenada* dados a coñecer en 2008. No seu artigo, Rosario Álvarez somete a escrutinio oito variables morfolóxicas co obxectivo de que a súa análise axude a coñecer mellor os textos en galego dos inicios do XIX, a establecer similitudes e diferenzas entre eles e a obter indicios lingüísticos sólidos que permitan elaborar hipóteses ben fundamentadas sobre a autoría de moitos deles. González Seoane, desde o convencemento de que o emprego do galego nos textos de intención propagandística ou proselitista forma parte dunha estratexia de achegamento emocional ao receptor popular da época, analiza os recursos léxicos que en tales obras se explotan para tratar de producir a sensación de que o galego que nelas se utiliza é verdadeiramente popular. Pola súa parte, Carme Hermida Gulías e Ramón Mariño Paz dirixen o foco de luz en exclusiva cara a algúns dos textos da época, para así abordalos a fondo. Hermida analiza unha das máis singulares e extensas tertulias populares daquel tempo (a *Parola de Cacheiras*, de ideoloxía carlista, elaborada por volta de 1836 pero non publicada daquela), ao paso que

Mariño estuda os aspectos lingüísticos da obra en galego dunha das personalidades máis indomeables do pequeno círculo dos fundadores do xornalismo en Galicia: Antonio Benito Fandiño. No último contributo desta sección, Damián Suárez Vázquez realiza unha presentación dos traballos lingüísticos da época pregaleguista que na actualidade se coñecen, nos que aprecia evidentes limitacións que non poden deixar de se poñer en relación cos tamén reducidos alcances da produción literaria e xornalística en galego das primeiras décadas do XIX.

Finalmente, baixo o rótulo de “Máis *Papés*”, presentamos na terceira sección deste volume tres traballos en que se realizan edicións e estudos de textos ou primeiras edicións de textos do século XIX anteriores a 1847 que, por descoñecemento noso, non apareceron nos *Papés d’emprenta condenada* publicados en 2008. Todos eles se presentan cronoloxicamente ordenados na edición preparada por Damián Suárez Vázquez e por min mesmo. Deseguido, Gonzalo Navaza edita e estuda un conxunto documental composto por tres pezas manuscritas en que se relatan uns feitos acontecidos na parroquia de Esmelle e na veciña vila de Ferrol arredor do ano 1827, ao tempo que Xurxo Martínez González centra a súa atención nunha carta liberal en galego publicada o 2 de agosto de 1835 no madrileño *Eco del Comercio*, o gran valedor da causa progresista na España inmediatamente posterior á morte de Fernando VII. Así como Navaza desvela a identidade do autor de polo menos unha das tres pezas contidas no manuscrito de Esmelle (o sacerdote Xosé María Fonte Montenegro), Martínez opina que a carta en galego inserida no *Eco del Comercio* en 1835 debeu de ser escrita polo republicano ribadense Vicente Álvarez Miranda.

Con toda a certeza, o aumento do cultivo escrito da lingua galega e da publicación de textos en galego garda estreita relación co xermolar dos sentimentos e ideoloxías galeguistas, que nos principios do século XIX, cando as vellas estruturas do Antigo Réxime empezaban a abanear levemente, se encontraban en estado aínda embrionario. Ora ben, ese aumento está tamén indubidablemente conectado coa aparición e o primeiro desenvolvemento da prensa en Galicia, propiciados polo vivaz debate público suscitado daquela entre os absolutistas e os liberais, é dicir, entre os partidarios de deixar estar as cousas tal como viñan estando desde había séculos e os que propugnaban a instauración dunha nova orde política e socioeconómica sustentada sobre a base do recoñecemento da soberanía popular. Os traballos que neste volume se agruparon constitúen unha reflexión colectiva sobre todos estes procesos.